# Bases do proceso selectivo para a participación nas mobilidades Erasmus+ para o alumnado do Ciclo de Atención a Persoas en Situación de dependencia

| **Curso académico** | 2022-2023 | **Nivel Formativo** | CICLO MEDIO ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA |
|---|---|---|---|
| **PROCESO SELECTIVO PARA AS MOBILIDADES ERASMUS+** | | | |
| **Órgano convocante** | Comisión de Mobilidades do Programa Erasmus+ do IES Félix Muriel | | |

**BASES PARA A PARTICIPACIÓN no Proxecto *Atención ás Persoas en Situación de Dependencia en EUropa. Traballando para a Inclusión Social e a Sustentabilidade* (ADEUIS) do Programa Erasmus+ da Acción clave: *Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe* (KA1)**

O alumnado matriculado no curso 2022-2023 no ciclo APSD, que queira optar a unha das 4 mobilidades ERASMUS+ para a realización da FCT no estranxeiro, será seleccionado segundo criterios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia tanto nas bases desta convocatoria como no desenvolvemento da selección das candidatas.

O proceso selectivo consistirá na valoración dos seguintes aspectos:

1. Expediente académico ata a data (incluíndo a 1ª avaliación de segundo) (30%)
2. Coñecemento de idiomas (20%)
3. Méritos (10%)
4. Entrevista persoal (30%)

As solicitudes (Formulario de solicitude, currículo Europass, documentación xustificativa dos méritos alegados (a excepción do expediente académico) e carta de motivación para a realización da mobilidade) presentaranse antes das **00:00 do 10 de decembro de 2022 na Secretaría do IES** ou en **formato dixital** a través de **felix.muriel.erasmusplus@gmail.com**

**Expediente Académico (máximo 3 puntos)**

Valorarase ata un máximo de 3 puntos calculando a media aritmética das cualificacións obtidas nos módulos do Ciclo:
-De 5 a 5,99: 0 puntos.
-De 6 a 6,99: 1 puntos.
-De 7 a 8,99: 2 puntos.
-De 9 a 10: 3 puntos.
Non se terán en conta as cualificacións convalidadas.

| Coñecementos de idiomas (máximo 2 puntos) |
|---|
| a) Certificados de nivel do idioma do país de destino (ou inglés no seu defecto). Por certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado (ata 2 puntos):<br>-A2: 1 punto.<br>-B1: 1,25 puntos.<br>-B2: 1,5 puntos.<br>-C1: 2 puntos.<br>Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a conseguir outra de nivel superior.<br>Sen certificado oficial realizarase unha proba de nivel (escrito+oral).<br><br>b) Valorarase o coñecementos doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e coa acreditación dun certificado oficial, da mesma forma que para o apartado a) ata un máximo dun punto. |
| **Méritos (máximo 1 punto)** |
| Valorarase con 0,5 puntos cada título de formación profesional de grado medio diferente ao que lle da acceso á mobilidade ata un máximo de 1 punto, así como aos cursos realizados, asistencias a xornadas, etc. |
| **Entrevista persoal (máximo 3 puntos)** |
| Valoraranse as habilidades persoais e sociais, o interese, carta de motivación, a iniciativa, etc. das persoas candidatas. Valorarase tamén a acreditación da pertenza a ONG ou á participación en programas de voluntariado. |
| PRESIDENTE DA COMISIÓN DE MOBILIDADES |
| 33274852Q RAMÓN MANUEL VEIGA (R: Q6555518G) Firmado digitalmente por 33274852Q RAMÓN MANUEL VEIGA (R: Q6555518G) Fecha: 2022.11.25 11:35:46 +01'00'<br><br>Asdo: Ramón Manuel Veiga Fernández |

| Data | En Rianxo a 25 de novembro de 2022 |
|---|---|